<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade. - Procesos: comprensión lectora - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias. - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos. - Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega. - Procesos: produción escrita - Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos. - Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.

Contidos

- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (pronomes) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
6	Vai de viñetas!	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le e expresa a idea principal dun cómic.	PE	75
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e responde preguntas de comprensión dun cómic.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Dadas unhas ilustracións nunhas viñetas, completa o texto dos cómics de xeito que teña sentido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Relaciona textos e onomatopeas dun cómic coas súas viñetas.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Elabora tres viñetas dunha historia, seguindo os pasos dados.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Dá tres instrucións sinxelas dun proceso.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Emprega o verbo en concordancia co suxeito.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físcos ou dixitais.	Crea novas palabras engadindo sufixos a unhas palabras dadas.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece e localiza os verbos nun texto dado. Recoñece e acentúa as palabras agudas, graves e esdrúxulas.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Incorpora vocabulario coa grafía x.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende e é capaz de seguir instrucións sinxelas.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Da instrucións ordenadas que levan á consecución dun obxectivo sinxelo.	TI	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Aporta ideas e respecta aos/ás compañeiros/as.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Debate e chega a acordos para elaborar normas.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Expresa que pasos seguiu para completar un cómic.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Estratexias de expresión e escoita activa empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias. - Procesos: produción oral - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao

Contidos

- desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (verbo) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
7	Opinemos.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Dada unha páxina web, identifica os diferentes apartados que nela se destacan.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Elabora un texto sinxelo no que dá a súa opinión sobre un tema dado. Inclúe dúas razóns que a xustifican.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Expresa a súa opinión de xeito ordeado e respectando a dos outros.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Argumenta a súa opinión sobre un tema.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Identifica os dous puntos e puntos suspensivos. Completa oracións con estes signos de puntuación.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece e localiza os adverbios nun texto dado. Recoñece e acentúa as palabras agudas, graves e esdrúxulas.		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Mostra respecto pola lingua empregada polos/as compañeiros/as.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Identifica vocabulario discriminatorio nas conversas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta aos compañeiros/as.	TI	50
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita a opinión de compañeiros/as e identifica as características fundamentais do que expresan.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Expresa a súa opinión de xeito ordeado e respectuoso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa nas interaccións orais e respecta aos compañeiros/as.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Chegan a un acordo grupal sobre un conflito.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Chegan a un acordo grupal sobre un conflito.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Busca información nunha páxina web.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara un mesmo texto en distintos idiomas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuizos e estereotipos lingüísticos. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. - Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente,

Contidos

- ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

Contidos

- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (adverbio) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Ábrese o telón...	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le un texto teatral sinxelo e responde preguntas de comprensión.	PE	55
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece a importancia das imaxes en folletos e publicidade.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Elaborar un folleto sinxelo, con informacións concretas e integrando recursos gráficos.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Exprésase de xeito coherente na lingua escrita.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece e diferencia un texto teatral dun diálogo escrito (uso da raia).		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Diferencia oración e parágrafo.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Localiza preposicións básicas e contraccións das mesmas cos artigos. Recoñece e acentúa as palabras agudas, graves e esdrúxulas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende a idea principal dun fragmento teatral.	TI	45
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Dado un produto publicitario, produce un slogan de xeito oral.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le un fragmento teatral e participa na orde correspondente.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Participa na lectura de textos teatrais, respectando a orde.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Busca na biblioteca de aula obras adecuadas aos seus gustos e intereses.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Participa na lectura colectiva de obras teatrais.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le varios textos teatrais expresando cal lle gusta máis. Velocidade lectora adecuada ao seu nivel.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le en voz alta entoando e interpretando un texto teatral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias. - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.

Contidos

- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.

Contidos

- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (preposición) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (pronomes) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado, adquire este un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Lingua Galega e Literatura:

Os/as alumnos/as han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Centramos a orientación desta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata dos/as nenos/as.

Todo o traballo se encamiña a proporcionar recursos de comunicación:

-A escritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación cun contexto de aprendizaxe motivadora e se abordan dunha maneira progresiva.

-A expresión oral: mediante a participación na clase favorécese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. O/a mestre/a fomenta distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

-A comprensión lectora: o alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumnado sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica.

Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

Debemos ter en conta que cada alumno/a parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os/as alumnos/as iníciense no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o

que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:

- O respecto hacia os seus compañeiros/as.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- O análise crítico da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

Secuenciación da aprendizaxe cooperativa:

1º trimestre: promover a cohesión do grupo, establecer normas de funcionamento e practicar unas primeiras estruturas de traballo cooperativo.

2º trimestre: asignar roles dentro do grupo, reforzar as habilidades sociais para a cooperación e introducir a autoavaliación dos equipos de traballo.

3º trimestre: traballar en equipos estables, incorporar estruturas cooperativas máis complexas e avaliar a dinámica dos equipos.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno/a traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por iso é importante establecer un plan que os axude a superar a súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centrarémonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten ás necesidades particulares dos/as alumnos/as.

Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se plantexen en cada caso.

O carácter multidisciplinar de moitas das competencias parte da concepción do currículo como un conxunto que abarca as diversas áreas e materias, polo que se require unha gran coordinación docente, e é por iso que será unha constante o traballo en equipo de todos os docentes que imparten na titoría de 4º de primaria.

Fomento da lectura.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias.

Adícase un tempo de vinte minutos diarios á lectura na clase ou na biblioteca do centro (hora lectora, un tempo de vinte minutos diarios no que todo o centro está realizando lecturas en distintas modalidades). A lectura tamén estará presente nas distintas materias nas que se traballa con textos (as linguas obviamente, enunciados de exercicios e problemas de matemáticas, as cancións de música...).

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

Os que traballaremos en cuarto son: descritivos, narrativos, instrutivos e poesía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do alumno: libro de texto da editorial escollida.
Libros de lectura: tanto da biblioteca do centro como da biblioteca de aula.
CD e DVD de xogos e contos.
Vídeos didácticos.
Ordenador de aula e proxector.

Diccionario de lingua galega.
Murais ortográficos e de vocabulario.
Recursos fotocopiables .
Recursos na rede.
Xogos didácticos.
Xornais e revistas.
Material funxible.
Aula virtual do centro.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En 4º de Primaria contemplamos a necesidade de realizar probas específicas de avaliación inicial destinadas a realizar unha valoración da situación de partida dos alumnos ao inicio do curso, especialmente en caso de non manterse o grupo co/a memo/a titor/a (como é o caso).

A partir dos resultados, levaranse a cabo as decisións e actuacións comúns adoptadas polo equipo docente .

Esta tarefa realizarase mediante técnicas e procedementos como:

1.- Intercambio de información do equipo educativo:

- Repeticións e materias pendentes doutros cursos.
- Atención á diversidade: discapacidades psíquicas, motóricas, sensoriais, trastornos grave de conducta.
- Dificultades de aprendizaxe: déficit de atención, hiperactividade, linguaxe...
- Compensación educativa: medio social desfavorecido, escolarización irregular, absentismo, risco de abandono escolar, medidas xudiciais ou de protección...
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Outros aspectos: intereses, enfermidades, aspectos familiares...

2.- Observación directa e sistemática dos/as alumnos/as (individual e grupal) e guiada coa axuda de documentos específicos para tal fin.

3.- Probas escritas e orais.

4.- Autoavaliación de alumnos e alumnas (reflexións e toma de conciencia das carencias ou fortalezas en canto ás aprendizaxes).

5.- Entrevistas individuais ao alumnado (formais e informais mediante preguntas na clase) e ás familias.

6.- Simulación de situacións, debates.

7.- Resultados das probas iniciais.

8.- Proposta de medidas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	13	13	13	13	13	12	12	100
Proba escrita	55	65	60	65	70	75	50	55	62
Táboa de indicadores	45	35	40	35	30	25	50	45	38

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos, como mínimo, unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos (na libreta, fichas, xogos, de movemento, escritos e/ou orais), as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala de 1 a 4 como posible resposta.

Así na unidade 1, o 55% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 45% restante mediante unha táboa de indicadores. E do mesmo xeito no resto das unidades.

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 35%

-2º trim. 30%

-3º trim. 35%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, iso será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación coas familias (a través da titora, Abalar, e se fose necesario, en titoría presencial)
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, e dentro e fóra polos mestres especialistas en pedagogía terapéutica / audición e linguaxe dentro da medida das súas posibilidades. En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propóranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD (nin sequera despois do reforzo) poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación ao titor/a e familias. Especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin.
- Comunicación ao alumnado en cuestión. De xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle verbalmente as dúbidas que poidese ter ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, polos/as mestres/as especialistas en pedagogía terapéutica/audición e linguaxe dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental como é o caso da lingua castelá.

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso,

por parte da mestra de audición el linguaxe.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos/as alumnos/as en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

Para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, elaborárase un plan específico de reforzo como se recolle no artigo 50 da Orde 8 setembro 2021 de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				X		X		X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X		X		X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.			X		X		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X		X				X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X		X		X	X

Observacións:

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

N.º de alumnos de integración: 20-25 (total centro educativo)

Observacións:

Importante nº de incorporación tardía.

. Características dos grupos en canto á aprendizaxe

Características xerais

Grupo: 4º

- Gústalles aprender mentres realizan actividades lúdicas.....SI
- Mostran con facilidade/dificultade a súa creatividade e imaxinación.....SI
- Resulta fácil/difícil espertar a súa curiosidade.....SI
- Expresan o que senten con facilidade/dificultade.....SI
- Mostran capacidade/incapacidade para organizar e analizar a súa propia aprendizaxe.....SI
- Son/non son conscientes das vantaxes de traballar de forma cooperativa en clase.....SI
- Exprésanse de forma coherente/incoherente e correcta/incorrecta na súa propia lingua.....SI
- Non necesitan/necesitan entender todas as palabras dun texto para comprendelo.....SI
- Gústalles/desgusta ler en casa.....SI

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	All about my birthday	<p>Revisión de vocabulario relativo aos números ordinais. Meses do ano. Gramática relacionada con saber preguntar e responder sobre os cumpreanos e empregando os meses do ano e os números ordinais (When's your birthday? It's on the first of May).</p> <p>Gramática e vocabulario relacionados con saber dar información persoal.</p>	5	4	X		
2	I'm helping mum	<p>Vocabulario relativo a doencias do corpo (cold, headache, cut...) e a aspectos físicos do corpo (red hair, fair hair, tall, thin...)</p> <p>Gramática relacionada con saber responder a preguntas tales como: What's the matter with him/her?, What does he/she look like?</p> <p>Cultura relacionada coas expresións de estado de ánimo (happy, sad...)</p> <p>Proxecto final sobre facer unha descrición física dun/dunha membro da aula.</p>	20	20	X		
3	My day	<p>Vocabulario relativo ás accións cotiás do día a día (brush my teeth, have breakfast...) e aos momentos do día (at night, in the afternoon...). Breve introdución ás horas (en punto, e cuarto, e media, menos cuarto).</p> <p>Gramática relativa ás horas (What time...?), e ás accións cotiás (Does he/she eat breakfast at 9.00?) coas súas respectivas respostas.</p> <p>Cultura relacionada co porqué é importante ter un bo traballo.</p> <p>Proxecto no que describen a rutina diaria dun(dunha amigo/a).</p>	15	18	X		
4	I'm buying a present	<p>Vocabulario relativo ás prendas de roupa (belt, necklace...) e a como poden ser (colourful, sporty...).</p> <p>Gramática relacionada cos demostrativos (this, these, that, those...) e aos pronomes posesivos (mine, your, his...).</p> <p>Cultura relativa ao hom much/many, pero a modo introductorio.</p> <p>Proxecto final relacionado con crear unha tenda de roupa.</p>	15	15		X	
5	I'm at the street party	<p>Vocabulario relativo a verbos relacionados con accións do día a día (cooking, painting...). Expresións de carácter das persoas (lazy, hard-working...).</p> <p>Gramática relacionada coas accións do día (Is he/she washing up?) e resposta.</p> <p>Introdución ao verbo querer (want).</p> <p>Cultura sobre como podemos chegar a</p>	15	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	I'm at the street party	acadar os nosos obxectivos. Proxecto sobre describir o que facemos día a día relacionado co vocabulario e gramática da unidade.	15	16		X	
6	I'm at the canteen	Vocabulario relativo á comida (bread, fish, meat...) a expresións de cantidade (a few, little...) Gramática relativa ao there is/are. Cultura sobre como podemos comer para estar sans. Proxecto relacionado con facer unha descripción na que comamos de maneira equilibrada.	15	15			X
7	I'm at the holiday park	Vocabulario de verbos relacionados con actividades de lecer (biking, rowing...). Adverbios relativos a como facer as cousas (carefully, dangerously...). Gramática na que se empeza a introducir o presente continuo relacionado co vocabulario da unidade (What are you doing? I'm hiking..., He/she's climbing...). Cultura relacionada con por qué é importante axudar aos demais. Proxecto sobre facer unha redación co que facemos en verán.	15	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	All about my birthday	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co tema desta UD.	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	O CA1.7 aplícase como está, engadindo que se poda recibir axuda para facelo.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 centrándose no aspecto da axuda aos demais.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA2.2 aínda que non o consiga completamente.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	I'm helping mum	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir con axuda seguindo o que se explica no CA1.4.	PE	50
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.	TI	50
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	O CA1.7 aplícase como está, engadindo que se poda recibir axuda para facelo.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Utilizar de xeito guiado algunha estratexia que permita levar a cabo o proceso que se describe no CA1.9.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA2.2 aínda que non o consiga completamente.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuizos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións de interculturalidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

Contidos
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	My day	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras e textos sinxelos sobre accións e asuntos cotiáns.	PE	50
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Facer o que se explica no CA 1.5 poñendo esforzo e interese en conseguir comunicarse.	TI	50
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	O CA1.6 aplícase como está.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar de xeito guiado as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Facer os procesos do CA3.3 con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	I'm buying a present	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras, frases e textos moi breves a través de modelos previamente traballados.	PE	50
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co tema desta UD.	TI	50
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Levar a cabo con axuda o proceso que se explica no CA1.2.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 centrándose no aspecto da axuda aos demais.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	O CA2.3 aplícase como está favorecendo a utilización de formatos e técnicas adaptadas ás particularidades persoais,		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer a apreciar a diversidade lingüística como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
5	I'm at the street party	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras, frases e textos curtos a partir de modelos previamente traballados.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.	TI	50
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Facer o que se explica no CA 1.5 poñendo esforzo e interese en conseguir comunicarse.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais,.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira amosando interese.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	I'm at the canteen	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras, frases e textos breves a partir de modelos previamente traballados.	PE	50
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co tema desta UD.	TI	50
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	O CA1.6 aplícase como está.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar de xeito guiado as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Facer os procesos do CA3.3 con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
7	I'm at the holiday park	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir palabras, frases e textos breves a partir de modelos previamente traballados.	PE	50
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Levar a cabo con axuda o proceso que se explica no CA1.2.	TI	50
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Facer o que se explica no CA 1.5 poñendo esforzo e interese en conseguir comunicarse.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 centrándose no aspecto da axuda aos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma guiada extratexias que lle permitan comunicarse na lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Apreciar a diversidade lingüística como unha fonte de enriquecemento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que seguiremos levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, contestar a preguntas, desenvolver un xogo....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos moi simples adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado deste grupo de 4º, o que axudará a darlle a cadaquén unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.

- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua estranxeira.

-Impulsar situacións diversas de interacción de comunicación oral entre o alumnado : en parellas, pequenos grupos ou grupo - aula, en situacións reais ou supostas, tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.

Neste ámbito da comunicación oral, introduciremos o xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades xa que nos parece un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir moi brevemente a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias de cuarto de Primaria.

-Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e o uso do formato vídeo e a radio escolar para emitir e gravar pequenas cuñas publicitarias e mensaxes para o resto da comunidade escolar.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a esta lingua, a través do mundo dixital.

- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, tarxetas con imaxes do vocabulario das uds, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos, para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que podemos destacar a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos na lingua que queremos vaian adquirindo.

- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte á tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

- Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online relacionados coa lingua e cultura inglesas
2- Historias e contos publicados na rede
3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Libros de lectura
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9- Uso dos medios audiovisuais ccn que conta a escola
10- Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar
11- Vídeos
12- Rimas e cancións
13- Actividades DUA

Citamos algúns exemplos:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

-Memory

-Drag it.

-Simon says

-Match it.

-Guess it.

-What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

" The Very Quiet Cricket": <https://www.youtube.com/watch?v=YdiGEjz5b0Q>

" From Head to Toe": <https://www.youtube.com/watch?v=QpCebCxrPVk>

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

* adiviñar a tarxeta;

* memory game;

* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Trivial.

- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

+ Canva: https://www.canva.com/es_419/

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior

uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose no grupo de alumnado centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso pódense recoller evidencias tales coma gravacións de audio e/ou vídeo individuais, e interacción en parella ou en gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte da mestre, rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	20	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	0	50	50	50	50	50	50	48
Táboa de indicadores	100	50	50	50	50	50	50	52

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación

anteriormente citados.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

A avaliación será continua, e será levada a cabo durante todo o proceso e-a, destacando tres momentos:

1.-Unha avaliación inicial, para establecer o punto de partida, que se levará a cabo no mes de setembro, a través da observación de diferentes actividades que permitan comprobar tanto o desenvolvemento de contidos como de competencias en todo o alumnado.

2.-Unha avaliación continua, que se realizará durante o proceso de aprendizaxe, permitindo as modificacións necesarias durante a marcha.

3.-Unha avaliación final, para valorar o logro de aprendizaxes do alumnado.

Como procedementos de avaliación, utilizarase a observación sistemática directa e indirecta sobre o traballo e actividades propostas na aula que permite obter información rápida e continuada sen interromper a dinámica de traballo do grupo; utilizarase ao mesmo tempo, actividades de avaliación con probas escritas.

Como instrumentos para a recollida de información utilizaranse: escalas de observación, rexistro de control e rúbricas, así como as probas de control escritas.

Será fundamental ter presente, que ademais da avaliación de contidos e competencias de cada unidade, terase en conta a avaliación de aspectos actitudinais como a participación activa, o uso adecuado das normas de comunicación e o afán de superación. Utilizando para estes aspectos como instrumento a escala de observación.

A UD4, con contidos e elementos comúns aos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás unidades restantes, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto
- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz

A estrutura das sesións será a seguinte: quecemento corporal e/ou vocal, canción (ou recitado, rap...), audición (sempre ligado ao traballado na canción ou ao proposto posteriormente na práctica instrumental), práctica instrumental e/ou movemento (dependendo do tempo de cada actividade ou da necesidade de traballo de cada un) e

volta á calma.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital (PDI)
Ordenador portátil con software aberto e pechado: reprodución de vídeo e audio, actividades para interactuar na PDI
Altofalantes
Piano electrónico
Micrófonos inalámbricos e altofalante bluetooth
Ukelele
Estoxo con lapis, goma e cores
Aula da radio

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias. Nos de menor número, faranse quendas pero mentres estarán a tocar un instrumento diferente ou empregando a percusión corporal ou a voz.

A aula é espazosa e específica para a materia. O encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, cunha altura axeitada para as estaturas de todos os cursos.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O/s micrófono/s e o altofalante bluetooth empregárase para a gravación e os xogos de karaoke.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material, así como do bo trato ao material propio da aula.

Contamos coa aula da radio para gravar parte das cancións que aprendamos, e onde elaboraremos algún podcast relacionado co que traballamos na aula (estilos de música, elementos da linguaxe musical...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para comprobar os coñecementos previos. Como eu xa fun a profe de música no curso anterior sei o nivel que adquiriron, pero quero comprobar que lembran e onde vou poñer o punto de partida no primeiro trimestre.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo

tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	25	40	20	100
Proba escrita	8	10	7	0	6
Táboa de indicadores	92	90	93	100	94

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 35%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 35%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, iso será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación ao titor/a e familias. Especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin.
- Comunicación ao alumnado en cuestión. De xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle verbalmente as dúbidas que poidese ter ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase. O traballo sempre por imitación favorecerá a inclusión de dito alumnado na dinámica cotiá da aula.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Samaín	1º trimestre	X		
Festival de Nadal	1º trimestre	X		
Festival de Entroido	2º trimestre		X	
Contacontos-concerto didáctico-obradoiro	2º ou 3º trimestre		X	X
Festival de fin de curso	3º trimestre			X

Observacións:

A aula de música participa nos distintos festivais que se levarán a cabo nos tres trimestres preparando unha actuación musical que pode abarcar a canción (con ou sen movemento), a danza (con ou sen canto) ou a dramatización (un pequeno espectáculo de teatro musical ou un conto musicado).

No segundo ou terceiro trimestres tratarase de traer ao cole un contacontos (relacionado coa música) ou un pequeno concerto didáctico (ou ben asistir fóra da escola) como complemento á materia e sobre o que traballaremos antes e despois da data establecida. Outras posibles actividades serán obradoiro de instrumentos elaborados con obxectos de reciclaxe, concurso de regueifa, participación nun concurso de coreografías...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
-Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
-Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
-Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.

-Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
-Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
-A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
-Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
-Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
-Aportouse información ao persoal docente titor.
-Contactouse coas familias (a través do/a titor/a) sempre que foi necesario.

Descrición:

Os citados indicadores de logro van acompañados dunha escala de valoración que vai do 1 ao 4, onde:

- 1=NON.
- 2=NON SEMPRE.
- 3=CASE SEMPRE.
- 4=SÍ.

Unha táboa recollerá dita información ao final de trimestre e curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os erros máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante a táboa referida no apartado 8.1. á que se lle engadirá, a maiores,

as táboas precisas que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021834	CEIP Leticia	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Esta programación de aula está dirixida a un grupo de nenos e nenas de 4o de Educación Primaria do C.E.I.P. Leticia, situado no barrio de Caranza, en Ferrol. O equipo de nivel deste curso está composto por diferentes mestres/as, non todos con destino definitivo no centro. Entre eles/as atopamos a titora (que da as áreas de matemáticas, ciencias naturais e sociais e plástica), o especialista en Educación Física (que tamén da lingua castelá), a especialista en Música (que tamén da lingua galega), a especialista en Lingua Estranxeira (Inglés), o mestre de relixión católica, valores e os especialistas en PT e en AL.

O curso está composto por un total de 18 alumnos e alumnas, 13 deles levaban tempo xuntos, pero 5 veñen novos a escola este curso. Trátase dun grupo

moi heteroxéneo, composto por nenos e nenas con niveis académicos e condicións sociais moi variadas. Atopamos varios alumnos con TDAH, dificultades de aprendizaxe, un caso de AACC, unha alumna que chegou este curso de Perú e outra que chegou o pasado de Ucraína.

O nivel académico é bastante baixo pero cun pequeno grupo de nivel algo mais alto. A colaboración familia-escola é moi dispar, un pequeno grupo moi implicado na educación dos nenos/as favorecendo a colaboración entre familia-escola e pola contra, unha maioría que non se implica nada no aspecto académico da escolaridade dos seus fillos/as e na vida escolar do centro.

Por outra banda en relación á propia materia, a expresión artística forma parte de nos coma seres humanos, e debe de estar presente no día a día dos nenos e das nenas. Deste xeito débese aclarar que esta materia é mais que unha materia, sino que é un elemento trasnversal que se pode empregar e axuda o entendemento de outras moitas. Igualmente merece ter un espazo propio no que se eduque dende unha perspectiva crítica e respetuosa.

Tras a avaliación inicial, nesta aula de 4º de primaria nos centraremos sobre todo na expresión e comunicación coma grupo, para poder crear un sentimento de pertenza a unión. Por outra banda, para poder conseguir isto, o alumnado terá tamén espazos de expresión individual para poder aprender a xestionar as súas emocións e contribuir a unha mellor convivencia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

- Descubrir propostas artísticas de diferentes xéneros, estilos e culturas, promovendo a curiosidade, o respecto polas diferenzas e o pensamento crítico na realización cercana a eles e elas.
- Investigar sobre as expresións plásticas e visuais propias do patrimonio galego.
- Descubrir a realidade da muller coma artista, incorporando a perspectiva de xénero a través do estudo de producións creadas, impulsadas e executadas por mulleres, así como de obras nas que estas aparezan representadas, de cara á súa normalización.
- Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando as posibilidades dos elementos básicos de expresión das diferentes artes móstrase hoxe en día.
- Experimentar coas distintas linguaxes, técnicas, materiais, instrumentos, medios e soportes que ten ao seu alcance.
- Coñecer e participar en procesos de creación individuais e colectivos.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cámara e acción.	Creación de contidos de carácter audiovisual de xeito colectivo. potenciando o sentimento de grupo a través da motivación cara as novas tecnoloxías. Empregaránse técnicas coma o stop moution ou a fotografía. Aproveitaremos esta premisa para coñecer diferentes oficios vinculados a arte e achegarnos a muller dentro deste mundo.	33	13	X		
2	Eu son.	Expresión a través de diferentes formatos do concepto de un mesmo. Empregando as artes coma medio de expresión e comunicación. Aproveitaremos para coñecer o concepto de autorretrato e diferentes autores e autoras.	33	10		X	
3	Pintadas na rúa.	Creación de diferentes producións individuais a colectivas que busquen aportar algo ao propio colexio e o barrio. Búscase que o alumnado vexa a arte como un espazo de gozo e expresión.	34	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cámara e acción.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece, con axuda, propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe, con algunha dificultade, profesións relacionadas coas artes plásticas e visuais.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica, con axuda, estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica, con axuda, os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Normalmente, manifesta respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce, con axuda, obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, con axuda ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa, normalmente, de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa, normalmente, no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte, con axuda, as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta, normalmentne, respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece, con axuda, propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe, de xeito guiado, características elementais de manifestacións culturais e artísticas, así coma, as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica, con axuda, os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta, normalmrnte, respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce, con axuda, obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, de xeito guiado, ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa normalmente de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa, normalmente, no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte con axuda as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta normalmente respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grossa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante

Contidos

- a recepción.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.
- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Xéneros e formatos básicos de producións audiovisuais.
- Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.
- Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.

UD	Título da UD	Duración
2	Eu son.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece, con axuda, propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe, con algunha dificultade, profesións relacionadas coas artes plásticas e visuais.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Normalmente, selecciona e aplica estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica con axuda os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Normalmente manifesta respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce con axuda, obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, con axuda ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa, normalmente de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa, normalmente, no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte con axuda as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta, normalmente, respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece, con axuda, propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe, con axuda, características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica, con axuda, os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta, normalmente, respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce, con axuda, obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, con axuda, ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte, con axuda, as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta, nalmente, respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grossa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Pintadas na rúa.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece, con axuda, propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe, con algunha dificultade, profesións relacionadas coas artes plásticas e visuais.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica, con axuda, estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica, con axuda, os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Normalmente, manifesta respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce con axuda, obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, con axuda ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa normalmente de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa, normalmente, no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte con axuda as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta normalmente respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece, con axuda, propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe, con axuda, características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica, con axuda, estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica, con axuda, os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta, normalmente, respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, con axuda, ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa, normalmente, de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa, normalmente, no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte, con axuda, as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta, normalmente, respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grossa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor.

Contidos

- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos

alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Plástica:

O desenvolvemento desta área deberá permitir coñecer, e apreciar as manifestacións artísticas para favorecer o desenvolvemento da súa percepción, sensibilidade, curiosidade e creatividade.

A metodoloxía utilizada en Educación Artística, como non pode ser doutro modo, debe ser asumida desde a perspectiva de “saber facer”, é dicir,

os procesos de aprendizaxe han de realizarse a partir da propia experiencia, actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas; sendo o protagonista activo no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística.

Dende esta perspectiva teremos en conta os valores creativos e expresivos (o neno/a debuxa, pinta, canta, baila, modela, toca un instrumento, dramatiza, presenta unha historia ou un xogo expresando os seus propios sentimentos e emocións...), e os valores perceptivos (o neno/a tamén contempla debuxos, cadros, esculturas, fotografías, películas, videoclips, escoita cancións, asiste a representacións teatrais, a festas, ao

circo...). As linguaxes artísticas traballaranse a través de técnicas e procedementos diversos dunha forma máis dinámica e creativa.

Por outro lado, o alumnado do século XXI non pode estar afastado do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, terá a posibilidade de aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen para o desenvolvemento das súas capacidades artísticas.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a Teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciense no coñecemento e aprecio do feito cultural en xeral, polo que terán que formarse en habilidades e actitudes

que permitan acceder a manifestacións artísticas que os leven a poder desenvolver a súa capacidade crítica.

O traballo en grupo colaborador será unha forma de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de

cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural

e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Os contidos da área de Plástica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real. Será importante

traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- Lapis de cores, lapis, goma de borrar, tesoiras, pegamento, plastilina, ceras brandas, rotuladores, témpera e pincel, papel pinocho.
- Material reciclado: oveiras de cartón, caixa de cartón, rolos de papel hixiénico ou de cociña, papel de aluminio, la, pau, revistas e xornais.
- Material dixital: vídeos e crebacabezas de obras de arte, actividades interactivas compositivas, actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.
- Consulta de páxinas web e actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En cada nivel, durante o mes de setembro, e tal e como regula a lexislación vixente, realizarase unha avaliación inicial do alumnado, co fin de establecer o nivel de competencia curricular e de desempeño de cada neno/a. Esta irá encamiñada a determinar o grao de dominio dos contidos/competencias de cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación ás necesidades e características do alumnado, así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade que sexan precisas. Tamén será preciso detectar intereses e motivacións de todo o alumnado, así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores.

Tendo en conta a entrada dunha gran cantidade de novo alumnado e os precedentes en cursos anteriores a nivel de convivencia, durante as primeiras semanas de curso priorizarase a creación dun entorno seguro, que sexa referente de todo o alumnado de aula. Para isto empregárase a educación artística como vía de encontro entre os nenos e nenas da aula. Deste xeito, podemos, mediante a observación sistemática observar a predisposición do alumnado aos

diferentes tipos de expresións individual e colectiva, así como o respecto aos demais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

- Realizaranse diferentes producións artísticas ao longo do curso, as cales valoraranse na súa totalidade, é dicir, non so o produto final, senon o propio proceso de creación.

- Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala de 1 a 5 como posible resposta.

Así na unidade 1, o 55% da cualificación virá dada polas producións da clase, e o 45% restante mediante unha táboa de indicadores. E do mesmo xeito no resto das unidades.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

- Partiremos do nivel de cada alumno/a.

- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. En

todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avlíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

Basearemos o traballo na técnica de aprendizaxe cooperativo, onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado, tentarase atender á diversidade de ritmos e estilos de aprendizaxe. Ademais, levaranse a cabo medidas de reforzo educativo por parte do titor/a naqueles casos que sexa necesario, así como apoios polo profesorado con dispoñibilidade horaria. No caso de aparecer alumnado con NEAE, estaremos en contacto co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e o seguimento da evolución. Nos casos xa diagnosticados levarase una estreita coordinación entre a titoría e o resto de especialistas e continuarase coas medidas de atención á diversidade xa iniciadas o curso anterior. Neste sentido teranse en conta os diferentes Protocolos vinculados as NEAE do noso alumnado (TDAH, dificultades de aprendizaxe, AACC, entre outros que puideran xurdir.) Sen esquecer outro alumnado que non se pode encasillar dentro destes apoios, pero que ten características dadas da súa historia persoal, escolar ou familiar.

Todos estes apoios van cambiando ao longo do curso segundo as necesidades e as evolucións dos nenos/as. Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de lingua e matemáticas. Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesores implicados e o Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - Creatividade.	X	X	X
ET.5 - Espírito emprendedor.	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable, e desenvolvemento sustentable.	X	X	X
ET.7 - Valores de igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X

Observacións:

Seguindo as ideas amosadas no artigo 16 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa deberánse abordar de xeito transversal, como mínimo: a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas. A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. E prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao museo de arte contemporáneo de Vigo.	(1º Trimestre)	X		
Saída dentro do barrio para a creación de producións audiovisuais.	(2º Trimestre)		X	
Saída a observación dunha obra de teatro.	(3º Trimestre)			X

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Facilitáronse as aprendizaxes do alumnado?

Metodoloxía empregada
Empregouse unha metodoloxía variada?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A dificultade foi adecuada ao alumnado?
Medidas de atención á diversidade
Tomáronse as medidas necesarias para a atención do alumnado con NEAE?
Clima de traballo na aula
Conseguise a motivación e participación do alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Levou-se a cabo unha boa coordinación entre o equipo docente?

Descrición:

A avaliación da práctica docente debe de ser tan relevante coma a do propio alumnado, xa que se non temos isto en conta podemos caer en prácticas sen sentido, que non aportan nada aos nenos e nenas. Para isto teranse en conta os diferentes indicadores de logro, a través dunha avaliación diaria e trimestral. Farase especial fincapé na autoavaliación e na coevaluación, procurando compartir experiencias co resto do equipo docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021834	CEIP Leticia	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

O CEIP Leticia está situado no concello de Ferrol e imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria nunha xornada continuada, con horario de 09:00 a 14:00.

Os Órganos Persoais cos que conta o centro son: Directora, Xefa de Estudos e Secretaria e os órganos colexiados son: Claustro de Mestres e Consello Escolar. Por outra banda, os Órganos de Coordinación Docente son: Equipos de Ciclo, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización da lingua Galega, Equipo de Actividades Extraescolares, Equipo de Convvenia, Dinamización de Polos, Departamento de Orientación e as titorías. Ademais o Centro dispón de Departamento de Orientación compartido con outro centro da zona.

Esta programación está destinada para realizala nun aula de 4º de Educación Primaria, está formada por 18 nenos e nenas coa diversidade e identidade propia de cada grupo, 15 deles teñen esta materia e dou deles van a relixión católica e un deles a evanxélica.

A temporalización das actividades propostas será orientativa e poderá ser modificada tendo en conta a realidade educativa e os diferentes ritmos e necesidades do alumnado .

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A nosa contorna	Este proxecto explorará a diversidade cultural, xeográfica e o legado histórico de	30	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A nosa contorna	Galicia.	30	12	X		
2	O mundo antigo	Neste proxecto exploraremos as raíces da humanidade, descubriendo os seus logros e legados que seguen influenciado á nosa sociedade hoxe en día.	40	13		X	
3	A volta ao mundo	A través desta viaxe exploraremos a xeografía, cultura e tradicións de diferentes países do noso mundo.	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A nosa contorna	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Explorar e recoñecer a cultura, historia e tradicións da nosa comunidade.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para as distintas fases do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	O mundo antigo	13

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	A volta ao mundo	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os distintos produtos finais.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. En todos eles traballarase tendo en conta todas as áreas competenciais.

Ao longo de todo o curso levarase a cabo diferentes proxectos cunha temática común: Coñecer e explorar o mundo que nos rodea.

Realizaremos tres proxectos ao longo do curso. No 1º trimestre acercáremos a explorar a nosa contorna co proxecto "A nosa contorna". Realizaremos diferentes actividades (manualidades, investigacións...) sobre a cultura, historia, xeografía, gastronomía de Galicia.

No 2º trimestre afondaremos nos distintos legados que nos deixaron os diferentes pobos da antigüidade, mediante o proxecto "O mundo antigo".

Realizaremos diferentes manualidades, investigacións... sobre as diferentes culturas antigas.

No 3º trimestre exploraremos distintos países e culturas do mundo co proxecto "A volta ao mundo".

Neste trimestre levaremos a cabo un lapbook sobre distintos países que aínda están por determinar.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha breve presentación polas distintas aulas de primaria.

...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Cartolinas
Rotuladores, pinturas...
Bóla de porexpán (globo terráqueo)
Téxtiles para caracterización

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante a primeira avaliación consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de informática onde os grupos buscarán a información correspondente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier coa información correspondente e a resolución da xincana matemática.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Adopción de rol concreto. Participación activa.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto (lapbook).

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza, produtos finais, claridade expositiva...

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde...

A nota da dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.			

Observacións:

Presentación do proxecto nas distintas aulas de primaria.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das etodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflecte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados

